

Enmarcado dentro do proxecto competencial para 6º de primaria propuxemos a necesidade de afondar nas expresións artísticas como medio de reflexión e denuncia. Neste caso decidimos que un feito cotiá do noso centro (abandono de unha gran cantidade de roupa e que se atopa recollida nunha gran caixa) era de grande interese para facer reflexionar.

***Entre outras cousas chegamos a conclusións como:***

- Non lle damos valor ás nosas cousas, que compramos e logo abandonamos sen maior preocupación.
- Estamos moi preocupados por ir sempre á moda e gastamos moito diñeiro en compras que poderían considerarse excesivas.
- As grandes marcas e plataformas de venta online nos esclavizan facéndonos desexar comprar ás últimas novidades..

***E despois disto, investigando un pouco descubrimos:***

- Que se a roupa acaba sendo algo tan barato debe ser porque se produce a baixo prezo.
- A roupa que se produce a baixo prezo soe producirse en países en vías de desenvolvemento.
- En moitos casos esa produción esta asociada a traballos indignos e rozando a escravitude.

Por ese mesmo motivo quixemos que esa roupa saíse da caixa onde se gardaba e que durante un tempo fose molesta e visible.

Con todo isto quixemos por en evidencia a dobre escravitude da roupa:

**Escraviza ao primeiro mundo no seu consumo excesivo e escraviza ao terceiro mundo na produción baixo condicións infrahumanas que atentan contra os dereitos e a dignidade das persoas.**

O alumnado de 6ºB.